MOTA PARTICIPA NUN TALLER

Eu vivo en DIDAC desde hai moito tempo. É un **FOGAR MOI DIVERTIDO,** no que sempre ocorren cousas: as exposicións cambian cada certo tempo, organízanse actividades, etc. Ás veces boto de menos un pouco máis de tranquilidade, descansar en silencio ou ter tempo para ler algún dos libros que están nos andeis.

Na sala, había un grupo de persoas asistindo a unha actividade sobre a exposición que acababa de inaugurarse, polo que decidín continuar con elas.



Todas levaron as mans aos ollos, para abrilos máis. A man de Ana, unha nena que estaba na sala, arrastroume sobre a súa **PÁLPEBRA.**

Senteime sobre ela. Cada vez que ela pestanexaba facíame saltar bruscamente, pero pronto atopei a parte positiva: estar sentada na pálpebra de alguén supoñía para min algo similar a entrar nos ollos desa persoa e, en consecuencia, **MIRAR DESDE O SEU PUNTO DE VISTA.**

Comezamos a camiñar pola sala, para ver a exposición como suxeriu quen nos acompañaba. As participantes levaban un caderno e un lapis, onde podían facer **ANOTACIÓNS** sobre o que se lles pasaba pola cabeza durante o percorrido.

PLAF PLAF PLAF

Desde a miña posición podía ler as anotacións que facía Ana: cadros, cores —vermella, negra, branca—, triángulo.

Apuntaba o que estabamos a ver. Na parede as dúas viramos unha obra, con forma de **PIRÁMIDE.** Esta peza non nos deixou indiferentes, xa que a súa forma e a súa textura eran, canto menos, curiosas.

Dei un **SALTO** do ollo á obra. Quería vela máis preto, e sendo unha partícula invisible, nada mo impedía.



A obra estaba composta por un **CONXUNTO DE ESPÁTULAS.**

Tratábase dunha escultura?
Dun cadro?
Pregunteime.

PIMPUM!

Volvín rapidamente á pálpebra de Ana. Quería continuar con ela o percorrido para descubrir as obras e saber se as nosas opinións coincidían.

Outra das cousas que nos chamou a atención foron uns **CADROS NEGROS,** de gran tamaño.

Imaxinarvos como os vía eu, **ENORMES!**

Tiñan unha **TEXTURA RUGOSA,** coma se non se tratase de lenzos con pintura negra, senón que parecía que estaban feitos con outros materiais. Ana pensaba o mesmo, así o expresou no seu caderno.



Cando rematou o **TEMPO,** puidemos sentarnos no chan e falar do que viramos.

—A min o que máis me gustou foron as esculturas de cores vermellas e negras que hai sobre a mesa. Lémbranme a un **XOGO** de **CONSTRUCIÓN** —dixo Rodrigo, un dos participantes— **QUE CURIOSO!** Aínda paseando pola mesma sala, Ana e eu non prestaramos atención a esas esculturas.

—A min chamáronme moito a atención os cadros negros, pola súa **TEXTURA.** Aínda que non se poden tocar, ao achegarme percibín que son rugosos, coma se estivesen realizados cun material diferente á pintura —expuxo Paulo.

—Coma a nós! Coma a nós! —Emocioneime tanto que saltei do ollo ao nariz e terminei caendo ao chan.

—A min ocorreume o mesmo! Fixeime tamén no triángulo invertido da parede, que está feito con espátulas —dixo Martina, outra das persoas do grupo.



—Creo que as obras están feitas con **MATERIAIS** que non pensamos que sexan para facer cadros, por exemplo, as espátulas —dixo Olivia, outra das participantes.

—Gustoume realizar o percorrido porque puiden fixarme naquilo que me apetecía, sen ter que seguir un itinerario ou unha explicación —dixo Lía.



Unha espátula é unha paleta pequena formada por unha lámina de metal e un mango que se usa en albanelaría.

—A min pasoume o mesmo! E a min! E a min! A min tamén! —todas á vez.

—Por que fixeches estas obras, Patrick? —preguntou Catalina.

—Apetécevos que vos conte como e por que fixen as pezas? —preguntou Patrick.

—Si! Xenial! —dixeron todas á vez.

Hai moito tempo, descubrín un libro en Chile titulado ***EL LADRILLO,*** que trata sobre economía e traballo. Fíxome pensar moito sobre estes temas, por iso decidín facer unha serie de **OBRAS** con **MATERIAIS** de **CONSTRUCIÓN.**

—Sabedes? Os cadros non teñen por que facerse con pintura ou lenzo, senón que poden realizarse con materiais e soportes diversos —contaba Patrick.

As participantes comezaron a pensar nun tema que lles interesase e a partir del realizar unha obra. Sobre a mesa había materiais de todo tipo, para deixar voar a imaxinación e facer infinidade de pezas. Puxéronse a traballar e mentres tanto eu observaba asombrada os resultados. Foi fascinante!

Convídovos a que fagades unha **ACTIVIDADE NA CASA.** Apetécevos?

É necesario que prestedes moita atención e que sigades os **SEGUINTES PASOS:**

1. PENSADE nun **TEMA,** historia, obxecto que vos interese e sobre o que vos apeteza reflexionar. Pode ser algo real ou imaxinario.

2. BUSCADE nas vosas casas diferentes **MATERIAIS.** Podedes preguntarlles aos membros da vosa familia se hai algún obxecto que se lles ocorra para usar. Serviranvos de axuda!

Cantos máis obxectos diferentes teñades mellor,
así teredes máis onde elixir.



3. PREPARADE o soporte, que será o que sosteña a vosa obra. Pode ser unha **TEA,** unha **CARTOLINA,** o que prefirades.



Dos obxectos que tedes, facede unha selección. Facede probas sobre o soporte a ver cales van mellor para a vosa obra.

Por último, **PEGADE** os obxectos con **CINTA** de **DOBRE CARA** ou **PEGAMENTO.**

XA TEDES A VOSA OBRA DE ARTE!

Sácalle unha foto á túa obra de arte, imprímea e pégaa aquí

PATRICK HAMILTON (BÉLXICA, 1974)

A Patrick Hamilton gústalle falar do que sucede no mundo a través das súas obras. Faino con formas abstractas, que parten do cotián e a realidade, e que nos transmiten diferentes sensacións. Vive entre Madrid e Santiago de Chile e o seu traballo fainos pensar na nosa historia e a nosa economía.